



# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

## DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente, en funcións, do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra subvencionada "Mantemento de xardíns e zonas verdes", ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reguladora das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga) para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo)*, aprobadas con data 12 de xuño de 2020, por Decreto de Alcaldía Nº. 280/2020.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Mantemento de xardíns e zonas verdes".

**Segundo.-** Aprobar a contratación do seguinte aspirante seleccionado para cubrir dous postos de peón para a realización da citada obra:

- D. Mohamed Raddi con NIE X4304003-J.

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo parcial (75% da xornada), por un período de 9 meses, comprendido entre os días 29 de xuño de 2020 ata o día 28 do mes de marzo 2020 (ambos incluídos).

**Cuarto.-** Instar ao candidato seleccionado para que presente, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización do contrato, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

**Quinto.-** Determinar que a retribución do traballador relacionado que se vai contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

NUM. TRAB	GRUPO COTIZAC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/	CUSTO UNITARIO MENSUAL	CUSTOS TOTAIS
-----------	----------------	-----------	------------------------	------------------------	---------------



	SEG.SOC.		OCUPACION (letra)	SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTALS
1	10		PEÓN	831,38	37,80	314,26	1.145,64	9	75%	10.310,76
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>				<b>831,38</b>	<b>37,80</b>	<b>314,26</b>	<b>1.145,64</b>	<b>9</b>	<b>75%</b>	<b>10.310,76</b>

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

**Sexto.-** Publicar o presente decreto na páxina web [www.castroderei.gal](http://www.castroderei.gal), para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

(Asinado dixitalmente á marxe).

